



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

PROXECTO DE APRENDIZAXE E SERVIZO

**OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE 11
DESENVOLVEMENTO DAS POLÍTICAS RURAIS E
URBANAS**

GRAO EN ECONOMÍA

MAIO 2021

**Traballo de Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento
Local**

Lucía Paz Aldrey

Alejandra Mosquera Pérez

Marta Mañá Blanco.

ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Contexto territorial e demográfico de Santiago.....	4
3. O ODS 11a e a súa integración na política urbana de Santiago.....	7
4. A realidade das parroquias rurais a través de entrevistas.....	12
4.1. Entidades.....	12
4.2. Poboación do rural.....	15
4.3. Poboación de Santiago centro	19
5. Propostas para dentro de 10 anos	20
6. Financiamento.....	22
7. Conclusión.....	23
8. Referencias bibliográficas.....	24

1. Introducción

A través da metodoloxía de Aprendizaxe e Servizo (APS) analízanse as necesidades reais do entorno do Concello de Santiago de Compostela, en relación cun apartado concreto do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible (ODS) número 11, como é o desenvolvemento das políticas urbanas.

Esta metodoloxía consiste en empregar unha dobre orientación (de aprendizaxe e de servizo) que implica reflexionar, en base ás competencias adquiridas na materia de Desenvolvemento Rexional e Local e na investigación requirida para a elaboración do traballo.

Grazas a este proxecto conseguimos coñecer a realidade profesional sobre os axentes implicados, ampliar as nosas opcións vocacionais e ter un compromiso real coa comunidade social que rodea a cidade de Santiago.

Este traballo estrutúrase do seguinte xeito:

Primeiro, contextualízase o territorio do Concello de Santiago de Compostela ;o que servirá de base para entender parte das conclusión dos apartados posteriores. Despois, explícase o obxectivo principal do traballo e a aplicación do ODS número 11 en Santiago de Compostela, mediante a súa integración nos vectores estratéxicos da Axenda Urbana do Eixo Atlántico xunto coa Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI). A continuación, coméntanse os puntos identificados na EDUSI e se as Axendas Urbanas coinciden coas necesidades reais dos cidadáns, a través dunha serie de entrevistas tanto a entidades locais, como a xente de Santiago. Para rematar, fanse unha serie de propostas de longo prazo que se consideran de carácter urxente unha vez vistos os puntos anteriores e unhas conclusións finais sobre todo o recorrido da investigación.


2. Contexto territorial e demográfico de Santiago

Santiago de Compostela é a capital de Galicia, está situada na provincia de A Coruña, e conta cunha superficie de 220.01 km^2 e unha poboación de 97.848 persoas. Esta cidade vive maioritariamente do turismo e a hostalaría, xa que é moi coñecida polo Camiño de Santiago e o seu casco histórico. Da superficie total, o 86% pertence ao rural, mentres que a poboación das parroquias tan so é superior a 16.000 persoas. Con estes datos vese como a maior parte da poboación vive na zona máis urbanizada e produtiva, polo que as zonas rurais e menos periféricas están menos poboadas.

O concello de Santiago engloba as zonas do casco histórico, o Ensanche, a zona nova, os barrios dos arredores (Vite, Conxo, Santa Marta...) e 29 parroquias rurais, nas que nos centraremos ao longo do traballo, son: Aríns, Bando, Barciela, Busto, Carballal, O Castiñeiriño, César, Conxo, Eixo, Enfesta, Fecha, Figueiras, Grixoa, Laraño, Marantes, Marrozos, Nemenzo, A Peregrina, Sabugueira, Santiago (San Caetano), Santiago (San Fructuoso de Afora), Santiago (San Lázaro), Santiago (San Pedro de Afora), Santiago (San Xoán de Afora), Sar, Verdía, Vidán e Vilvestro. O Mapa 1 amosa todas as zonas que compoñen o concello de Santiago de Compostela.

Gráfico 1: Habitantes do rural de Santiago de Compostela


Vemos reflexado como, en xeral, a poboación do rural entre os anos 2007 e 2017 mantívose bastante constante. Isto é debido a que a poboación das parroquias do norte (liña vermella) tivo unha tendencia decrecente, fronte á tendencia crecente da poboación da zona rural sur (liña azul).



Fonte: FERUSA(2019)

Gráfico 2: Poboación por tramos de idade das parroquias de Santiago

Amósase a idade de poboación dalgúns parroquias de Santiago. En xeral, as parroquias do norte contan con moi pouca poboación de 0 a 16 anos, mentres que as do sur teñen unha maior porcentaxe. Por outro lado, a poboación que mais abunda en ambas parroquias son de 16 a 64 anos. E, por último, observase a abundancia de persoas maiores de 65 anos nas parroquias do norte, mentres que no sur non contan cunha porcentaxe tan elevada. Se comparamos con Santiago, a poboación máis abundante segue sendo entre 16 e 64 anos. Mentres que a porcentaxe de menores de 16 en comparación cos maiores de 64 anos é máis baixa. Isto mostra como as familias que teñen rapaces menores de 16 anos soe vivir en zonas máis rurais e sobre todo do sur. E a xente maior de 64 anos, soe vivir en parroquias do norte ou no centro da cidade



Fonte: FERUSA (2019).

Polo tanto, a pesar de ocupar unha maior superficie territorial, a zona rural estase a enfrentar cun serio problema de despoboamento, sobre todo as parroquias do norte que están afastadas tanto do núcleo urbano de Santiago como doutras zonas urbanas influentes, como poden ser Bertamiráns ou Milladoiro.

No seguinte apartado afóndase máis nesta cuestión mediante o estudo do ODS 11 na política municipal de Santiago. Dese xeito, trasládanse estes primeiros puntos relevantes a un ámbito máis institucional.

3. O Obxectivo de Desenvolvemento Sostible 11a e a súa integración na política urbana de Santiago

No contexto da Axenda 2030, o ODS 11 céntrase no ámbito urbano. En concreto, pretende lograr cas cidades e asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles e conta con 10 subapartados que tratan a Vivenda, o Transporte Público, a Urbanización, o Patrimonio Cultural e Natural, os Desastres, a Calidade do Aire e Xestión de residuos, Zonas Verdes... Como se pode observar, é un ODS bastante amplo que conta con 10 apartados e cunha relación directa cos demais, pero a nosa análise está centrada no punto 11.a: Apoiar vínculos económicos, sociais e ambientais positivos entre as zonas urbanas, periurbanas e rurais mediante o fortalecemento da planificación do desenvolvemento nacional e rexional. En definitiva, estúdase a realidade das políticas urbanas e rurais que se están levando a cabo e ver se nas zonas

rurais, que se expuxeron no apartado anterior, hai unha desigualdade significativa e que dirección está tomando.

No contexto territorial vimos que a maior parte do Concello de Santiago forma parte do rural e, aínda que a poboación se concentra na zona urbana, unha das cuestións claves é ver as condicións de vida e as dificultades coas que se atopa día a día as persoas do rural.

Dende a Comisión Europea financian os proxectos e plans comprometidos con este ODS mediante os Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER), que seguen as seguintes áreas temáticas:

- Innovación e investigación.
- Programa dixital.
- Apoio ás pymes.
- Economías das baixas emisións de carbono.

O obxectivo principal destes fondos é o fortalecemento da cohesión socioeconómica dentro da Unión Europea a través da corrección dos desequilibrios que se dan entre as diferentes rexións.

Ademais dos FEDER, existen os Fondos de Cohesión e os Fondos Sociais, centrados en rexións cunha Renda Nacional Bruta (RBN) inferior ao 90% da media europea e nas persoas en situación de pobreza, respectivamente.

Centrarémonos nos fondos FEDER pola relevancia que teñen con respecto ao desenvolvemento rexional e local dende a súa creación no ano 1975 e, pola relación que teñen co ODS 11.

Ademais das 4 liñas mencionadas, este financiamento atende ás características específicas de cada rexión e tratan especialmente ás áreas que teñen inconvenientes debido o seu afastamento. Polo tanto, pretende reducir os problemas socioeconómicos e medioambientais das áreas urbanas para acadar o desenvolvemento urbano sostible.

Non debemos esquecer que, aínda que o obxectivo principal da investigación sexan as políticas urbanas e as rurais, o ODS 11 está orientado a conseguir que as cidades sexan o centro do desenvolvemento sostible no mundo. Por iso a maioría de estratexias estarán financiadas, total ou parcialmente, con estes fondos.

Incluso destinan un 5% a accións integradas que xestionan as propias cidades que, para o noso interese, na cidade de Santiago a estratexia aprobada para o Programa

Operativo de Crecemento Sostible foi a EDUSI. A continuación, compáranse os obxectivos da EDUSI REVIVE de Santiago coas liñas estratéxicas da Axenda Urbana do Eixo Atlántico que corresponden coa idea principal do ODS 11a.

A EDUSI Revive de Santiago foi aprobada o 29 de setembro de 2016 o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas aproba a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado. A EDUSI ten un carácter de longo prazo, progresivo e fíxose a partir da identificación dos problemas e dos retos urbanos dende o punto de vista económico, demográfico, climático e social seguindo a metodoloxía DAFO.

As tres necesidades fundamentais que se identificaron tras a análise realizada e que foron validadas pola cidadanía foron as seguintes:

- Maior atención ás problemáticas dos barrios e asentamentos de poboación “non centrais” .
- Cambio de modelo na planificación e xestión da mobilidade, actuando nas distintas escalas dun modo integral e apostando pola concienciación cidadá para fomentar unha mobilidade sostible.
- A posta en valor do patrimonio cultural e natural en todo o termo municipal.

Cando se determinaron estas necesidades, deseñáronse os seguintes vectores estratéxicos e as liñas de actuacións para determinar os obxectivos para alcanzar no longo prazo:

- **Santiago Accesible:** Mobilidade Sostible e a accesibilidade universal dos servizos e dotacións.
- **Santiago Inclusiva:** Accións para a posta en valor dos barrios e asentamentos de poboación “non centrais”, para derivar na cidade policéntrica, a cidade vivida e a cidade dos barrios.
- **Santiago Patrimonial:** A posta en valor do binomio patrimonial natural-cultural: verde e auga-pedra.

As 10 liñas de actuación enmarcadas dentro dos tres vectores son as seguintes:

1. Rexeneración económica e social de barrios e/ou colectivos desfavorecidos.
2. Revitalización do espazo público das comunidades desfavorecidas.
3. Actuación en vivendas en barrios desfavorecidos.
4. TIC para mellorar a calidade de vida.
5. Recuperación do espazo público.

6. Fomento da mobilidade urbana sostible.
7. Recuperación e promoción do patrimonio cultural.
8. Rehabilitación e promoción do patrimonio histórico, arquitectónico e cultural.
9. Promoción de activos culturais e naturais orientados ao desenvolvemento do turismo.
10. Fomento da eficiencia enerxética e do uso de enerxías renovables.

A EDUSI conta cun orzamento subvencionable de 12.500.000 euros, 10.000.000 dos fondos FEDER e 2.500.000 do Concello.

As principais estratexias da EDUSI están comprometidas co desenvolvemento rural cara unha maior integración coa zona urbana e unha mellora significativa da calidade de vida das persoas.

Na Táboa 1 sintetízanse os puntos principais da Axenda do Eixo Atlántico que consideran as actuacións necesarias para o ODS11a. Ademais determínanse en que vectores estratéxicos da EDUSI están presentes e como se establecen na análise DAFO da EDUSI:

Táboa 1: Obxectivos Axenda Urbana do Eixo Atlántico de Santiago

Obxectivos da Axenda do Eixo Atlántico	Identificación no DAFO da EDUSI	Vectores estratéxicos relacionados
1. O novo territorio. Desenvolvemento territorial policéntrico e equilibrado	Debilidade: Falta de desenvolvemento dos barrios e territorio da cidade	Compostela inclusiva Compostela patrimonial Compostela accesible
1.1 Cohesión territorial interna na Eurorrexión	Debilidade: Falta de integración urbano rural	Compostela accesible
1.2 Areas Urbanas funcionais	Debilidade: Ausencia de planificación integrada da área urbana	Compostela accesible
1.3 Planteamento urbano para cidades atractivas, sostibles e integradoras	Debilidade: Dificultade nos modelos de mobilidade	Compostela accesible Compostela inclusiva
1.4 Mobilidade urbana interna e conectividade externa	Debilidade: Déficit de conexións con outras infraestruturas e coas zonas periféricas	Compostela accesible Compostela patrimonial
1.5 Novos modelos para o acceso a servizos urbanos	Debilidade: Déficit de servizos en barrios e territorio rural. Problemas de accesibilidade xeral	Compostela accesible Compostela inclusiva
2.8 Economía rural e dos produtos tradicionais	Oportunidade: Fomentar os produtos de proximidade en mercados urbanos	Compostela accesible Compostela patrimonial Compostela inclusiva

2.9 Marketing territorial urbano	Debilidade: Visión da cidade a través do Camiño de Santiago	Compostela patrimonial
4.4 Programas integrais de revitalización urbana	Debilidade: Mellora dos barrios e necesidade de mellorar o seu acceso aos servizos públicos	Compostela patrimonial Compostela accesible

Fonte: Carmen Casado(2019)

Unha vez relacionados os obxectivos e a súa identificación , pasamos a examinar as liñas de traballo do Plan de Acción da Axenda Urbana do Eixo Atlántico, nas que o Concello está a traballar con plans ou programas das políticas municipais.

Na Táboa 2 resúmense as liñas estratéxicas que se ocupan do ODS11a e os programas, departamentos e plans que seguen esta liña de intervención:

Táboa 2: Liñas de intervención do Plan de Acción da Axenda Urbana do Eixo Atlántico en relación ca actividade municipal sobre o ODS11A

Liñas de intervención das Prioridades Estratéxicas	Plans e programas municipais actualmente en vigor
Deseño urbano intelixente, inclusivo e ecolóxico	Aposta por ti, Aposta polo teu Barrio Plan de Mobilidade Urbana Sostible Compostela Móvese
Gobernanza democrática, transparencia e eficiencia dos servizos públicos	Participación Cidadá Relacións Veciñais Ao Vivo
Desenvolvemento urbano/rural e litoral/interior	Culrural-Departamento de Medio Rural Aposta por ti, Aposta polo teu Barrio- EDUSI
Cohesión territorial e mobilidade	Plan de Acción para as enerxías sostibles (PAES) Plan de Mobilidade Urbana Sostible Pacto Local pola Mobilidade

Fonte: Carmen Casado(2019)

A pesar de que na EDUSI haxa unha alta cobertura dos obxectivos da Axenda do Eixo Atlántico, esta comparación fainos reflexionar sobre os principais aspectos dos que carecen as parroquias rurais e os barrios máis atrasados de Santiago. Todos os obxectivos foron determinados coma debilidades, o que pon de manifesto a necesidade que teñen as zonas rurais das actuacións do Concello en ámbitos tan elementais coma mobilidade, servizos básicos, infraestruturas, servizos públicos, accesibilidade...

Tamén hai que resaltar outro tipo de carencias detectadas que teñen un carácter patrimonial, no sentido de que nestas rexións atopamos unha gran riqueza, tanto cultural coma natural, que non está sendo valorada nin promocionada pola importancia que se lle está dando ao turismo atraído polo Camiño de Santiago e a zona vella.

Non hai que esquecer o problema demográfico, que está relacionado (e seguramente provocado) cos déficits da Táboa 1, existentes maioritariamente nas parroquias do norte, xa que é outro dos retos prioritarios do Concello e non aparece en ningunha liña de actuación co protagonismo e a urxencia que merece.

Aínda que existen os programas expostos anteriormente, e outros que non foron mencionados, pero que tamén afectan indirectamente á calidade de vida do rural, hai que ter en conta que estas medidas son bastante recentes e levan en vigor pouco tempo ou todavía non comezaron a traballar porque a súa implementación estaba prevista para 2020.

As conclusións máis relevantes son as seguintes:

- Carencia de servizos básicos no rural e pouca eficiencia dos existentes.
- Problema de Mobilidade interparroquial e con Santiago Cidade.
- Desigualdade crecente coa zona urbana, necesidade de Cohesión municipal.
- Non presencialidade do problema demográfico.

4. A realidade das parroquias Rurais a través dos axentes

Unha vez abordado o ODS11 no Contexto de Santiago de Compostela, que protagoniza a investigación e ver a súa integración nas políticas municipais e os plans vixentes, aludíronse unha serie de conclusións sobre a desatención e a disparidade das localidades rurais con respecto á cidade de Santiago e os barrios máis próximos a ela.

Nesta parte coñeceremos estes déficits dende unha perspectiva máis directa e social, mediante diferentes testemuños tanto de entidades comprometidas co rural, coma de habitante das distintas zonas de Santiago.

4.1. Entrevistas as entidades

A) FERUSA

Federación de Asociación Veciñais do Rural de Santiago (FERUSA) nace no 1989 tras a publicación do primeiro Plan Xeneral de Ordenamento Municipal(PXOM), pero non é ata o 91 cando se considera unha Federación. Inclúe a 19 entidades das 21 parroquias que existen en Santiago. Ao ser unha asociación ten que pagar 30€ anuais e, recibe unha subvención de 3000€ anuais, pero consideran que fan falta mais cartos para o rural.

O seu obxectivo é conseguir que o rural sexa digno, xa que carece de moitos servizos básicos como a auga, o saneamento, o alumeadado público e o transporte, é dicir, un rural digno tanto en infraestruturas como en benestar. E ademais, que se integre na cidade e que se teña en conta.

Como se explicou anteriormente, conséntase unha notable diferenza entre o rural do norte e o rural do sur. O rural do norte presenta menores servizos básicos, sendo unha zona máis agrícola e habitada por poboación maior. Pola contra, o rural do sur está máis urbanizado, os servizos básicos están cubertos e a poboación é máis nova.

No 2019, púxose en marcha un pacto co rural chamado: *O rural que queremos #errequeerre*. Con este, pretendíase cumprir os obxectivos propostos nun período de tempo de 8 anos. Demandábase, ademais de cubrir os servizos básicos en todas as zonas rurais, unha asignación presupostaría anual, dedicada exclusivamente o rural. Neste, pídesse tamén un centro de día e asistencia en domicilios para maiores, xa que é o que abunda nas zonas rurais. A día de hoxe, este pacto está pausado por mor da pandemia, quedaban por firmar os obxectivos económicos e urbanísticos, FERUSA quere retomar a firma destes canto antes.

Algúns dos problemas que manifesta esta federación son, ademais dos servizos básicos, a fibra óptica xa que esta non chega a maioría das zonas rurais, e agora é moi importante pola pandemia xa que moita xente que traballa ou estuda dende a casa ten problemas de conexión. Outro problema que inflúe sobre todo na zona norte é a N-550, xa que esta afecta negativamente á hora de construír vivendas e, consecuentemente, o prezo elevado destas. Tamén pagan o IBI como se fosen zonas urbanas, cando non o son.

A estratexia EDUSI aprobou en 2015 uns obxectivos nos que se incluía ter mais en conta o rural, pero realmente apenas se amosaron cambios.

O que conseguiu FERUSA ata agora foi respecto, xa que antes de que esta existira apenas se miraba polo rural. E levan mais de tres décadas loitando polos servizos básicos na zona rural, e aínda non o conseguiron en todas as zonas. Cabe mencionar, que o rural de Santiago ocupa o 86% da superficie, e non se lle ten apenas en conta.

B) Centros socioculturais do rural do Concello de Santiago

Esta entrevista fixémoslla á coordinadora dos Centros Socioculturais do rural do Concello de Santiago de Compostela, na que lle preguntamos a que se dedica no seu posto, que diferenzas observaba entre o rural do Norte e o rural do Sur, cal é a situación

dos centros e como se organizan, que tipo de actividades ofrecen, a evolución nos últimos cinco anos e se cree que o concello está facendo suficiente.

O centro sociocultural de Santiago encárgase de coordinar a xestión de 44 equipamentos, dos cales 20 atópanse na zona rural. A día de hoxe algúns deles atópanse pechados pola pandemia e outros, están a realizar actividades de forma online.

Sobre as diferenzas entre o Norte e o Sur, fixo evidente que o Sur está moito mais poboado e urbanizado, contando con servizos como bus urbano con boas conexións, mais recorrido de auga traída, e sumidoiros. Por outra parte, no Norte a poboación é menor e está moito mais envellecida, a pesar de ser moito mais extenso. As aldeas son mais pequenas e contan con menos servizos de mobilidade urbana. A pesar disto, afirmou que nestes meses observou un pequeno crecemento e mais xente nova debido á que moitas persoas, prefiren unha casa pola situación do COVID.

Con respecto aos centros socioculturais do rural, antes da pandemia mostraban unha tendencia crecente, xa que a xente busca espazos de ocio, lecer e actividades colaborativas máis cerca da casa.

Estes centros organízanse en centros cabeceira: aqueles que son mais grandes e teñen mais actividade e vida cultural como teatro, salóns e bibliotecas (Santa Marta, Fontiñas), e os pequenos nos barrios, que contan con salas de lectura e fala para as súas actividades (Pontepedriña, Cancelas).

As actividades que se ofrecen varían segundo a zona. Na zona Norte, sobre todo, lévanse a cabo actividades de ocio para a terceira idade, xa que é o que mais abunda. E na zona Sur, en cambio, ofértanse actividades tanto para maiores como para os mais cativos.

Estas actividades que organizan poden ser municipais ou de entidades veciñais. As primeiras son ou ben financiadas polo concello, ou ben de pago trimestral dunha taxa igualitaria para todo o concello. As entidades veciñais e culturais levan a cabo as súas actividades nos centros tras solicitar o espazo.

Nos últimos cinco anos observouse una mellora considerable nestes centros. Fixéronse obras, algunhas delas pendentes, de accesibilidade, calefacción, e baños adaptados para as discapacidades.

Finalmente, remarcou que a zona Norte sempre estivo mais abandonada, mais dispersa e conta con menos transporte, menos servizos como o de saneamento ou recollida diaria e Internet con moitas dificultades de velocidade e fibra.

4.2. Entrevistas na zona rural

As cuestións propostas ás persoas entrevistadas das parroquias de Santiago, son lixeiramente diferentes ás persoas de Santiago cidade.

Neste caso centrámonos nos servizos básicos de cada parroquia e se notaron algunha diferenza dende 2015 (ano no se que se aprobou a EDUSI), sen deixar de interesarnos polas propostas que estas persoas consideran oportunas para corrixir a situación e pola consciencia da diferenciación parroquial Norte/Sur.

En definitiva, a lista de preguntas para as persoas que viven nas parroquias de Santiago é a seguinte:

1. De onde eres?
2. Cales son os servizos básicos principais dos que carecedes?
3. Viches algunha mellora significativa no entorno da túa parroquia nos últimos 5 anos?
4. Eres consciente das diferencias estruturais entre as parroquias do Norte e as do Sur?
5. Algunha proposta para mellorar a situación da túa parroquia, ou para o conxunto do rural en xeral.

En total conseguimos falar con 5 rapazas e 1 rapaz, de entre 20 e 23 anos, pertencentes ás seguintes parroquias: San Martiño de Aríns, Villestro, A Sionlla, O Castiñeiriño e Cesar, A Igrexa.

1. San Martiño de Aríns

Como principais servizos públicos básicos dos que carece esta parroquia destacan a falta de beirarrúas, agás na estrada principal que as construíron o ano pasado, as estradas en mal estado, a falta de buses nalgunha zona e a pouca iluminación que ten a zona do Monte do Gozo.

A persoa asegura que a xente que vive nesta parte só goza de alumeadado público cando hai o festival “O Son do Camiño”, que nalgunhas zonas non poden ter Internet e que non teñen ningún tipo de supermercado ou tenda para poder facer a compra sen ter que baixar a Santiago.

En canto á rede de transporte, a nosa entrevistada alega que ela ten sorte porque ten un bus cada hora, pero que noutras partes da súa parroquia nin se quera teñen.

Por último, esta rapaza puido informarnos de que estaban construíndo unhas novas casas, pero que pararon as obras porque non se vendían e que, en definitiva, Aríns comparado con Castiñeiriño estaba mal, pero coa Sionlla estaba moi ben.

Sobre o resto das preguntas, non notou ningunha mellora significativa nos últimos 5 anos, non tiña reflexionado sobre esta distinción de parroquias de Norte e as do Sur, pero era consciente de que había unha brecha en canto a servizos básicos públicos con respecto a Santiago e coas que están máis preto da cidade.

Para rematar, considera que se precisa unha maior axuda económica e que os políticos non teñen a suficiente empatía coas persoas que viven no rural.

2. Santa María de Villestro

A seguinte persoa dounos información sobre unha das aldeas que pertence á zona sur.

En canto aos servizos básicos, notamos que as estradas era o que máis reclamaba esta rapaza, xa que só teñen boas condicións na xeral e na zona da urbanización, no resto están en mal estado e non están pintadas.

Con respecto ao alumado público, na rúa onde vive ela non hai lámpadas e, novamente, a zona da urbanización é a que presenta as mellores condicións da parroquia.

Polo que puidemos observar moitos dos servizos básicos estaban presentes na zona urbanizada da parroquia xa que, ademais de ter beirarrúas e alumado, contan cun coidado periódico do céspede e do parque desta zona. Porén, as casas que non están na urbanización están en peores condicións.

O camiión do lixo pasa cada 5 días e o transporte público, só está dispoñible pola semana e sen horarios fixos. De feito, a entrevistada asegura que ela emprega o transporte de Bertamiráns para ir e volver de Santiago Cidade, e que moita xente prefire facer vida en Bertamiráns e Milladoiro polas facilidades e a proximidade que teñen.

O Internet tardou en chegar, pero agora en case todas partes de Villestro o teñen. Ata fai 3 anos só podían contar con R porque ningunha compañía cubría a zona.

Non hai supermercados nin tendas, o máis próximo está nunha gasolinera.

A pesar das certas dificultades expostas, esta parroquia é unha das que máis vida ten, xunto ca do Castiñeiriño, das que analizamos neste traballo. Conta cun colexio, un centro sociocultural que oferta diferentes actividades e un campo de fútbol no que xoga o equipo local.

Sobre todo en fin de semana ves a moitas familias paseando polo monte e pola parte da urbanización; no campo de fútbol, antes da covid, vías o aparcadoiro cheo, era habitual ir a ver os partidos tanto dos equipos máis importantes como as categorías baixas do club.

Vemos que o tipo de poboación correspóndese co modelo das parroquias do sur que viñemos comentando ao longo da investigación. En cambio, hai moitos servizos dos que carecen moitas zonas de Vilvestro dos que goza a zona urbanizada.

Sobre a cuestión da consciencia rural norte/sur, a entrevistada non coñecía moito a situación das do norte e, de feito, pensaba que estas estaban mellor conectadas co centro de Santiago.

O único cambio significativo que veu nos últimos 5 anos foi a nova urbanización, pero no resto da aldea non. Como propostas principais reclama o problema das estradas e as horas do autobús, ademais de que non se traten estas zonas como simple cidades dormitorio e permitir que a poboación poida facer máis vida.

3. A Sionlla de Arriba

O seguinte territorio é un dos máis deficitarios, xunto cas demais parroquias do norte, en canto a servizos elementais.

Fundamentalmente, as estradas están en mal estado, destacando a entrada da nacional e as aberturas atopadas en diferentes partes da aldea.

As cunetas só as limpan cando son as festas en xuño, o resto do ano están cheas de herbas que dificultan a vista dos condutores. Ademais, tampouco dispoñen de beirarrúas.

Se xuntamos todas as condicións das calzadas, compréndense o perigo que hai, tanto para os condutores coma para os peóns, ao circular por esta parroquia.

Non chega a fibra óptica, e se pagas a WIFI non chegan todos os gigas contratados coa compañía pola debilidade da conexión.

Tiñan unha marquesiña feita polos propios veciños para os rapaces que collían o bus escolar e os residentes que collían o urbano, pero o ano pasado os do concello retirárona. Os horarios do transporte urbano son cada 4 horas, dependendo do día.

Ata o ano pasado, eran os veciños os encargados de cortar e coidar a herba que está ao redor da Igrexa, agora xa se fan cargo os do concello.

En canto ao tratamento do lixo e saneamento, non se dispón de colectores para reciclar, só hai para orgánico e ao final a xente non separa os refugallos porque ten que desprazarse en coche ata os depósitos máis cercanos. Algunhas casas non teñen acceso ao alcantarillado, e as que si que o teñen é recente.

Por último, a única diferenza que notou nos últimos 5 anos foi a instalación do alcantarillado. A persoa entrevistada distinguiu a zona sur como a que ten mellores condicións para vivir e a poboación máis nova; era consciente da diferenza entre o norte e o sur.

4. O Castiñeiriño

Esta zona do rural é unha das mellores de Santiago, ten todos os servizos básicos cubertos, é dicir, auga, saneamento, transporte cada 20 minutos, e fibra ótica aínda que esta non chega a todos os puntos da aldea. Ademais, é unha zona moi urbanizada e ten bares, salóns de peiteado, academias etc. O centro sociocultural realiza actividades tanto para os mais xoves como para os maiores. Nesta zona, viven moitas familias e hai moitos rapaces, pero tamén hai xente maior.

Nos últimos 5 anos, a nosa entrevistada di que non viu melloras significativas pero tampouco recorda falta dalgún servizo dende que naceu . Ademais, non sabe diferenciar o rural do norte e o do sur, pero considera que o sur está moito mellor comunicado co centro de Santiago e ten moitos mais servizos.

As propostas son: financiar actividades no norte para así chamar a atención das persoas e, destinar fondos para que todas as zonas teñan mínimo os servizos básicos.

5. Cesar, A Igrexa

Esta parroquia atópase no norte de Santiago, é unha das zonas que mais adoce os servizos básicos. Esta aldea está cada vez máis despoboadada, e a xente que vive nela é, predominantemente, maior. O centro sociocultural leva moitos anos sen funcionar. O supermercado mais cercano está no concello de Oroso, e de Santiago o que mais preto lles queda está a 15 minutos en coche.

A persoa entrevistada asegurou que apenas viu mellora nos últimos 5 anos, excepto no arranxo de varias estradas e a construción dunha beirarrúa na estrada principal. Nunca pensou na diferenza entre o norte e o sur, pero é consciente de que o sur ten moitos mellores servizos que o norte. Para mellorar considera importante que os políticos non so se centrasen no centro da cidade e que explotasen mais a zona rural do norte, xa que non ve ben que estas aldeas sufran un despoboamento por culpa da escaseza de servizos tan básicos como a auga ou o transporte. Tamén pensa que os fondos non son suficientes para o rural.

4.3. Entrevistas na zona urbana

A continuación, expoñeremos as ideas principais recollidas nas entrevistas que realizamos a un numero de persoas aleatoria polo centro de Santiago de Compostela, que poden representar as opinións da poboación da cidade con respecto ao rural santiagués.

O fin destas entrevistas era saber se a xente que pertence á cidade coñecía os problemas que sofre o rural e cales consideran que serían as solucións para este.

As preguntas que lle realizamos a xente da rúa foron:

1. De onde eres?
2. Eres consciente do abandono do rural de Santiago?
3. Sabes diferenciar o rural norte do rural sur?
4. Pensas que se destinan os fondos suficientes, e de forma eficiente para o rural?
5. Algunha proposta para mellorar a situación do rural.

En total falamos con 6 persoas de distintas idades e ambos sexos, e todas elas pertencentes ao centro da cidade de Santiago.

Polo xeral, as persoas eran conscientes das diferenzas de desenvolvemento das parroquias coa cidade. Afirmaron que tamén notan un maior abandono da zona norte con respecto da zona sur: está máis abandonada e a poboación moi envellecida, que se atopa desamparada. Ademais, case todos destacaron a escaseza e a complexidade das liñas de transporte público.

As propostas que máis se repetiron para lograr unha maior inclusión destas zonas na cidade foron destinar máis fondos para solventar un problema que consideran invisibilizado, explotar a industria dos arredores da cidade, establecer unha serie de servizos sociais para a terceira idade, e potenciar tanto o comercio como asociacións e centros socioculturais para captar atención e dar a coñecer a situación.

No que todas as persoas estiveron de acordo, tanto as que coñecían os problemas do rural como as que non, é que resulta imprescindible dotar a estas parroquias dos servizos básicos para que os habitantes tiveran boas condicións de vida.

5. Propostas no horizonte de 10 anos

O Concello de Santiago de Compostela, como xa mencionamos anteriormente, engloba 29 parroquias, que ocupan a maior parte do territorio total de Santiago. A día de hoxe, a xente esta marchando destas parroquias, sobre todo das do norte, a outros lugares que teñan mellores condicións de vida preto de Santiago. Por iso, é importante que estas zonas rurais revivan cuns servizos axeitados, e sexan coñecidas entre os habitantes deste concello. A continuación, amosaremos unhas propostas que se poderían levar a cabo nos próximos 10 anos:

1. Servizos básicos en todas as zonas rurais

É importante que todas as zonas rurais gocen dos mesmos servizos, especialmente dos que son básicos para unha vida cotián. Entre eles atópanse os seguintes: a auga, xa que a día de hoxe hai moitas parroquias que non teñen auga pública, e isto ocasiona un gasto moi grande para as familias que viven nesas zonas. O saneamento, ao igual que os demais servizos, é imprescindible para calquera terreo ou vivenda. Con respecto a recollida do lixo, en moitas destas parroquias pasan a recollelo unha vez a semana, o que ocasiona a súa acumulación. Ademais, non hai papeleiras de reciclaxe, o que leva a non reciclar e consecuentemente a unha importante contaminación para o medio ambiente. En referencia o alumeadado público, actualmente seguen existindo estradas nestas aldeas onde non gozan deste servizo. A fibra óptica, hoxe é fundamental xa que, por mor da pandemia moita xente estuda ou traballa dende as casas, e non ter unha boa conexión afecta negativamente no seu día a día. E o transporte tamén é fundamental, posto que todas as parroquias teñan transporte público para achegarse ao centro da cidade, pero este aspecto abordarase de forma mais detallada no seguinte apartado.

Esta falta de servizos, dende a nosa perspectiva, so se pode arranxar dunha forma, que esta é investindo nas aldeas de forma máis eficiente. Posto que son servizos públicos, e tódolos habitantes do concello de Santiago deberían gozar deles. Ademais, estes axudarían a regular o abandono que está sufrindo o rural.

2. Mellorar as conexións entre o rural e o centro de Santiago

Como mencionamos no apartado anterior, o transporte é un servizo básico nas aldeas. Este é un punto que se ten que ter moi en conta, posto que moita xente non ten como ir a Santiago se non posúe un turismo. Cabe mencionar, que moitas zonas non pertencentes a este concello, teñen mellores condicións no uso de transporte que unha gran parte das parroquias que pertencen a este.

Isto afecta negativamente a Santiago, posto que se a xente das parroquias non ten como achegarse a esta cidade, van facer vida noutro concello que lles quede máis próximo e co que teñan mellores conexións. Polo tanto, remitímonos a mesma solución, que sería investir en transporte público para que así a maioría do rural faga vida no seu propio concello e este obteña proveito diso.

3. Urbanizar as zonas rurais

Unha das opcións para que as zonas rurais teñan máis vida sería urbanizalas. Esta é unha medida que se implementou en moitas das parroquias do sur e que agora son moi concorridas. Outra opción sería converter estas parroquias en zonas produtivas, posto que estas contan con moito terreo e zonas moi amplas para construír fábricas. Con estas dúas opcións, o rural aumentaría a súa demanda e o concello de Santiago tamén se vería beneficiado.

4. Realizar actividades que xeren interese entre os habitantes de Santiago

Para que o rural reviva, unha parte moi importante sería que se lle da visibilidade a estas zonas. Para iso, pensamos que se poderían facer actividades nos centros socioculturais de cada parroquia, que xeren interese entre os habitantes do concello de Santiago. Outra opción sería construír áreas recreativas en espazos naturais, para que a xente poida achegarse a coñecer estes lugares. Porque un problema moi persistente é que hai xente, que non coñece a existencia destas parroquias, e estas dúas opcións servirían para darse a coñecer e xerarían interese entre os cidadáns.

5. Asignación económica anual fixa

É importante que o rural posúa uns fondos económicos fixos anuais, para que estes non varíen dependendo da tempada. Posto que como vimos nesta investigación, as parroquias carecen de moitos servizos e necesidades básicas, a solución máis efectiva e destinar un fondo fixo, para arranxar os problemas do rural nun prazo de tempo.

6. Continuar co Pacto do Rural

Por último, pensamos que sería moi importante continuar co Pacto do Rural que propuxo FERUSA en 2019. Neste, recollíanse moitas das propostas que mencionamos anteriormente e que son fundamentais para que o rural non quede no esquecemento.

6. Financiamento

Neste apartado, estableceremos uns orzamentos aproximados cara aos próximos dez anos para comezar a levar a cabo as propostas realizadas no punto anterior. A idea sería investir ao redor de 7 millóns de euros en total, para mellorar significativamente as condicións do rural de Santiago, especialmente do Norte.

Baixo a pretensión de dotar ao rural dos servizos básicos, destinarase un total de 3,05 millóns de euros.

Para superar a becha dixital, destinarase unha cantidade de 45.000 euros anuais a un plan de despregamento de rede e telecomunicacións ata o fogar para igualar as oportunidades de acceso entre o entorno urbano e o rural.

Para realizar o saneamento das augas dos 215 núcleos que o precisan, serían destinados 260.000 euros anuais.

Con respecto á mobilidade, propoñemos un investimento total de 4 millóns de euros: 100.000 euros destinados tanto para crear liñas que conecten aldeas con problemas de comunicación ca cidade, como para incorporar novos buses á flota actual.

Ademais, 300.000 euros anuais serán destinados á urxente reparación dos pavimentos das parroquias máis esquecidas do rural. En dez anos isto traducirase nun total de catro millóns de euros na mellora das comunicacións do rural.

Co fin de concienciar á poboación santiaguesa das condicións do rural e promover o achegamento da poboación urbana ás súas actividades, proponse destinar 20.000 euros totais en forma de campaña publicitaria. Desta forma, daríase a coñecer a oferta de actividades dos centros culturais, que podería atraer á poboación máis nova a unha zona na que a poboación está cada vez máis envellecida.

7. Conclusión

Ao longo do traballo vese como segue existindo unha diferenza moi profunda no crecemento entre as zonas rurais e urbanas. Posto que estas últimas teñen maiores vantaxes nos servizos e, polo tanto, no estilo de vida. Ademais, apreciase unha diferenza significativa entre o rural norte e sur o sur goza de servizos e zonas máis urbanizadas como Conxo ou O Castiñeiriño, entre moitas outras, mentres que o rural norte carece destas características.

Este apartado do ODS 11 para construír un modelo de cidade inclusivo, é imprescindible para cumprir coa filosofía da Axenda 2030 de que ninguén se quede atrás no crecemento económico.

Na análise DAFO da EDUSI, todos os puntos que foron recoñecidos nas liñas estratéxicas que teñen que ver coas parroquias, cualificáronse como debilidades. Existen unha serie de plans e programas para favorecer e mellorar as condicións do rural, pero que ou ben están estancados, ou non se desenvolveron todavía.

É necesaria o desenvolvemento dunha política propia para o rural, onde este teña maior nivel de protagonismo xa que, a día de hoxe, a maior atención vai destinada o centro da cidade. E o rural ten un patrimonio territorial e cultural que podía ser mellor empregado.

Consideramos que Santiago abarca mais territorio do que debería, posto a que a maior parte dos fondos económicos destínanse a actividades e servizos relacionados co turismo e que se levan a cabo na cidade. Isto leva a que zonas rurais queden máis abandonadas. Por iso, tamén é importante que se estableza un fondo fixo para que este non se destine a outros medios ou territorios.

Por último, é importante reflexar que o rural non esixe unhas condicións exaxeradas, é dicir, so pide uns servizos básicos para ter unha calidade de vida digna. Para isto, resulta clave que o centro da cidade non absorba toda a atención, e que unha parte vaia destinada ao rural.

8. Referencias bibliográficas

ALONSO, S., Galicia, L., melchor, x., Galicia, L., Porteiro, C., & Galicia, L. et al. (2019). Los vecinos piden un pacto por el rural a todos los partidos: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2019/03/17/vecinos-piden-pacto-rural-partidos/0003_201903S17C6991.htm2.

European Commission | Choose your language | Choisir une langue | Wählen Sie eine Sprache, [from https://ec.europa.eu](https://ec.europa.eu)

Galicia amplía el presupuesto para la Movilidad. (2018). <https://www.nexotrans.com/noticia/92251/nexobus/galicia-amplia-el-presupuesto-para-la-movilidad.htm>

Ige. *I.G.E. (Instituto Galego de Estatística)*. Instituto Galego de Estatística. <http://www.ige.eu>

O Rural que Queremos #errequeerre. (2019, febrero). https://drive.google.com/file/d/1YJnO9VWwgste_yRt86GTn0JwBRdXKSCz/view?usp=drive_open&fbclid=IwAR0luSCbzowQq-ZdPRnVP9DKOoxEF4cHalvZ2WvcxmBn--NoeTaiPPH2_7Y

Plan director de las zonas verdes y espacios públicos. (2015). https://transparencia.santiagodecompostela.gal/media/documentos/2015_Plan_Director_Zonas_Verdes_e_espazos_publicos_Escala_territorial.pdf

Portada | Web Oficial de Turismo de Santiago de Compostela y sus Alrededores. Santiago Turismo. <https://www.santiagoturismo.com>

Santiago, C. (2021). *EDUSI Santiago de Compostela - Revive Santiago | Concello de Santiago de Compostela.* <http://revivesantiago.gal/programacion/edusi-santiago-edusi-revive>